

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 22 DE NOVIEMBRE DE 2017.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **VINTEDOUS DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **RECLAMACIÓN DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PXOM.**
- 3º.- **EXPEDIENTE 682/2017. CONCESIÓN DE AXUDAS EN CONCEPTO DE BOLSAS PARA O TRANSPORTE UNIVERSITARIO DE ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS PARA O CURSO 2016-17.**
- 4º.- **SERVICIOS SOCIAIS.**
- 5º.- **DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**
- 6º.- **URBANISMO.**
- 7º.- **EXPEDIENTE 1002/2017. ANTICIPO SUBVENCIÓNS DEPORTIVAS ANO 2017.**

### 1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Queda aprobada a Acta da sesión do;  
- 07 de Novembro de 2017

### 2º.- RECLAMACIÓN DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PXOM.

(Transcorrido ano e medio da aprobación provisional plenaria o 18 Marzo de 2017)

**INTRODUCCION.** A Xunta de Goberno Local asume integramente os razoamentos e exposición do informe xurídico do Secretario Xeral do Concello, Manuel Quintans Queiruga, que se transcriben parcialmente de seguido.

**1. ANTECEDENTES BREVES.** Para evitar repeticións innecesarias, nos remitimos ao último escrito presentado polo Concello –se achega como Anexo-, para contextualizar o caso, lembrando que en data 11-04-2016 presentouse no Rexistro Central da XUNTA o PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL –posteriormente a aprobación provisional en Pleno de 18 Marzo 2016-, polo que xa van transcorridos nada menos que 19 meses desde esa data, un elemento por si só moi relevante.

**2. Concreción da problemática actual: demostración da suficiencia de recursos hídricos.** Logo do último escrito da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio, de data rexistro 17/07/2017, no que, en síntese – sen prexuízo de outras observacións facilmente subsanables/ou xa subsanadas- se centra

en que para a aprobación definitiva do PXOM é imprescindible demostrar a “suficiencia de recursos hídricos”, seguindo o criterio marcado polas dúas sentencias do Tribunal Supremo que cita, lembrando que se interpreta “de forma estrita o concepto de suficiencia de recursos hídricos para as novas demandas previstas ao equiparalo a dispoñibilidade xurídica acreditada a través do correspondente título administrativo concesional”.

Chegados a este punto concreto do problema esencial que impide a aprobación definitiva do PXOM, procede facer o análise que segue:

**A) Sobre a legalización das redes veciñais.** A petición da xustificación por parte de AUGAS de GALICIA sobre que “..hai redes veciñais sen regularizar...” así como que se demostre a súa titularidade xurídica resulta incomprensible/inadmisíbel xa que, si é así, que se encargue AUGAS, non o Concello, en tanto que é o organismo titular da concesión das captacións de auga, así como da súa vixilancia e control –si existen captacións ilegais súa é a responsabilidade de corrixilas-, en primeiro lugar, máxime cando dispoñemos dun informe favorable, aínda que con observacións de 10/10/2013 en segundo. É incomprensíbel. Non se pode plantexar que sexa o Concello que realice esa tarefa. Certo que somos os impulsores do PXOM, pero non menos certo é que se esta requirindo algo que compete en exclusiva a AUGAS de GALICIA. Para rematar, esa “xustificación da titularidade xurídica”, por outra parte, nos levaría a un proceso de requirir a uns 100 núcleos de poboación que aportaran a documentación da que dispoñen sobre as captacións/pozos –inexistente en moitos casos-. Chegados a tal extremo hai que dicir que non, ¡no se pode facer tal esixencia 3 anos despois da aprobación inicial e logo de outro ano e medio dende a aprobación provisional!

**B) Sobre a legalización das captacións de Bandeira e Silleda.** Abundando na mesma reflexión anterior, vamos a subdividir o noso argumentario no desglose seguinte:

1.O Alcalde/Grupo de Goberno acaba de coñecer que as captacións/rede subministro de Bandeira e Silleda non estaban legalizadas, mais en concreto logo da notificación de data 02/06/017. Así, por primeira vez, a Dirección Xeral se dirixe ao Concello para lembrarlle esa insuficiencia, en Xuño do 2017, ¡14 meses despois! de presentar o PXOM na Consellería, trala aprobación provisional plenaria de 18 Marzo 2016 e inicial en 18-12-2012.

2.Esta “falta de legalización” ven de moitos anos atrás, desde os anos 60, incluso 50, que se saiba, contado desde a primeira captación, non é de agora, un elemento esencial, que conste. Nese senso, estaríamos a falar de responsabilidades compartidas por varios organismos/Administracións Públicas, así como de un uso desde tempo inmemorial, cifrado neste caso no entorno dos 60/80 anos, de xeito estimativo.

3.É responsable AUGAS e a XUNTA de Galicia, por extensión, de ter permitido esta suposta situación “alegal”, supostamente, coa matización de que a captación de augas se fixo antes da existencia da XUNTA. Dito sexa sen ánimo ofensivo, incluíndo ao Concello na súa parte, por suposto.

4.O silencio durante tantos anos de esta *anomalía* é imputable a AUGAS de GALICIA –desde que existe-, quen, como mínimo, debeu requirir o Concello para a

esa subsanación. Ese trámite de legalización suporía en torno a 8/12 meses, algo inasumible neste contexto (O Presidente de AUGAS apuntou: un ano).

5.O Concello efectuou a concesión do Servizo de Abastecemento de Augas no ano 1996, o que supón que, a traveso dos correspondentes Edictos e demais tramitación do expediente, fixo público que dispoñía da concesión dos caudais de auga necesarios para adxudicar a xestión dos mesmos a empresa ESPINA Y DELFIN, segundo contrato asinado o 14 de Outubro de 1996.

6.Compre lembrar que en data 15 Marzo 2016, notificado o 16-03, ditouse Resolución pola que se formula a Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM considerando viable o PXOM ambientalmente coa incorporación das observacións que cita, por parte da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, o que posibilitou a aprobación plenaria do 18 Marzo 2017, antes da entrada en vigor da nova Lei. Un detalle por si só moi ilustrativo de que si existía ese impedimento tan grave sobre os recursos hídricos debería haberse feito, xa antes, por suposto, pero, como mínimo nese trámite, antes da aprobación provisional plenaria.

7.Augas de Galicia é unha entidade pública e empresarial que se rexe polo Decreto 23/2012. Ata entón estaba formada polo organismo autónomo Augas de Galicia e a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos. Antes da súa creación, no 1996, xa existía a captación de auga en Bandeira/Silleda que estaría regulado polo organismo competente naquela data do Goberno Central e a quen competería a concesión demanial do uso das augas. Un extremo que queda pendente de investigar/acreditar, pero que nos introduce, indiciariamente alómenos, nos terreos da dúbida xurídica. A Xunta de Galicia foi creada en 1981, coa aprobación do Estatuto de Autonomía, cando xa os veciños de Bandeira/Silleda tiñan o aproveitamento das augas hoxe cuestionadas.).

**3. Informe técnico de “suficiencia de recursos hídricos”.** En directa relación co exposto, aínda que se trata dun informe privado, e que non pretende substituír, nin moito menos, as esixencias anteditas de legalización das captacións de auga en Bandeira e Silleda, pero si que abunda, desde a perspectiva municipal, en demostrar que existe esa suficiencia de recursos, o cal, por outra parte, nos permitimos apuntar, que é público e notorio que en Silleda, salvo catástrofe, hay auga suficiente. Algo coñecido por todos os organismos responsables, a Dirección Xeral e Augas de Galicia.

Ese informe realizado polo Enxeñeiro de Camiños Román Gomez Fraiz, remata coa conclusión final que se transcribe:

#### *CONSIDERACIÓN FINAL*

*En el presente estudio:*

*\* Queda clara la procedencia del agua potable de abastecimiento para la demanda actual y futura.*

*\* Se han considerado todos los habitantes como fijos en cuanto al cálculo de la demanda, incluidos los de las Unidades de Ejecución recogidas en el Planeamiento.*

*\* El caudal de recursos hídricos disponibles es favorable para la **Red de Silleda en 7.553,73 m<sup>3</sup>/año**, frente a la demanda futura, y para la **Red de Bandeira en 24.603,88 m<sup>3</sup>/año**.*

*Por lo aquí expuesto y en el resto del documento, se concluye con que la disponibilidad física de los recursos hídricos necesarios en el término municipal de Silleda podría cubrir las demandas generadas, tanto para la Red de Silleda como para la Red de Bandeira, en cantidad y calidad, por lo que el desarrollo planteado por el "Plan Xeral de Ordenación Municipal", en cuanto al abastecimiento de los núcleos urbanos y zonas adyacentes, sería viable.*

#### **4. Análise das consideracións a que a esixencia de recursos hídricos provén da "nova xurisprudencia" do T. Supremo.**

A grande, a esencial, argumentación de fondo da Dirección Xeral, en canto a suficiencia de recursos hídricos se basea en que "obedece ao criterio xurisprudencial fixado polo T.S. tralas sentenzas de nº 2577/2016 e 278/2017" (casos dos concellos de Monterrei e Verin, coa aclaración que houbo 10 motivos de impugnación, non só o suposto dos recursos hídricos). Pois ben, un análise, sinxelo, elemental, de tales fallos amosa que non é extrapolable a súa tese o caso de Silleda, en absoluto, en canto se refiren a unidades de actuación, novas urbanizacións, o cal non concorre na situación silledense, pero, sobre todo, porque o fondo dese razoamento se concreta en acreditar, "la disponibilidad jurídica de agua por medio de las correspondientes concesiones". Non basta con que exista a dispoñibilidade material, a auga fisicamente, senón que se demostre que se dispoñen das concesións demaniais, sostén esa tese do Supremo. Pois ben, en Silleda/Bandeira non existe, parece ser –estamos falando dos anos 50/60 e non consta, pero tampouco hai que excluílo-, o documento concreto desa concesión, pero si está demostrado que están desfrutando as dúas localidades da mesma desde os anos referidos. Que unha Administración Pública, un detalle non baladí para empezar, use/desfrute da auga dos seus rios/manantiais desde un período que abarca uns 60/80 anos, aínda que non teña título documental é unha situación substancialmente distinta, incluso oposta diametralmente ao caso de Monterrei e Verin que analizan as sentenzas aludidas, nas que non existe tal cuestión "de facto". Esa é unha diferenza irrefragable. Son dous casos opostos polo vértice, que nos permite, incluso, aplicarlle o cualificativo de terxiversación por parte da Dirección Xeral, sen ánimo ofensivo algún.

*Extracto parcial das sentenzas nº 2577/2016 e 278/2017 do TS sobre o fondo desta cuestión:*

*"De lo anterior se infiere, con relación al supuesto de autos analizado, la ausencia de disponibilidad de agua por medio de las correspondientes concesiones que, como bien se expresa en la sentencia impugnada, se encuentran en tramitación. Esto es, en el supuesto de autos fue emitido el preceptivo y vinculante informe por la Confederación Hidrográfica competente, pero de su contenido ---en ello no acierta la Sala de instancia--- no se deduce la existencia y disponibilidad de recursos hídricos en la forma en la que la jurisprudencia los ha venido exigiendo de conformidad con la interpretación que se realiza del artículo 25.4 del TRLA. Es posible la existencia de agua para el municipio, e, incluso, su disponibilidad material, pero, desde la perspectiva urbanística que nos ocupa ---y en un obligado marco de legalidad--- no se ha acreditado, ni en el informe, ni con cualquier otro medio de prueba, la disponibilidad jurídica de la misma, ya que en el momento de la aprobación del planeamiento no existía plena suficiencia y disponibilidad de recursos hídricos para el abastecimiento de agua al municipio de Monterrei".*

#### **5.Referencia sobre o aproveitamento das augas desde tempo inmemorial, co dereito recoñecido ao seu desfrute durante 75 anos (Disp.Tr. 1ª RDL 1/2001, desde 2-08-1985).**

A Lei de Augas 29/1985, publicada o 2 de Agosto, que logo das modificacións posteriores, reconverteuse en RDL 1/2001, prohibiu a adquisición por prescrición adquisitiva do dereito o uso

privativo do dominio público hidráulico –admitindo só a concesión ou por disposición legal -, pero, diante da necesidade, e coa intención de compatibilizar o novo réxime cos dereitos adquiridos dos usuarios que viñan desfrutando con anterioridade o uso da auga, a Disp. Trans.1ª lles permite seguir con ese desfrute ata un prazo máximo de 75 anos, así como a posibilidade da súa legalización mediante a inscrición no Rexistro pertinente dese aproveitamento, neste caso no Organismo previo ou en AUGAS de GALICIA, como titular actual desa competencia.

Pois ben, este é, sen a mais mínima dúbida, desde a óptica municipal, o caso de Bandeira e Silleda, levamos desfrutando/usando/aproveitando a auga das nosas captacións desde os anos 60, incluso 50 – non se pode concretar nestes intres con mais detalle-, polo que unha modesta conclusión legal sería que temos dereito a ese aproveitamento polo prazo de 75 anos, computados –salvo erro ou omisión- desde o 2 Agosto 1985, ou sexa ata o 2060.

## **6.CONCLUSION-RESUMO.**

**A Dirección Xeral non pode esixir, 15 meses despois da presentación do PXOM, trala aprobación municipal plenaria de Marzo 2016 (con catro anos de trámites previos), que se acredite a “suficiencia de recursos hídricos” para non aprobar definitivamente o PXOM de Silleda, recorrendo a unha lectura sesgada de 2 sentenzas do T.S., claramente inaplicables a este caso, nunha captación/subministro de augas en Bandeira/Silleda existente desde tempo inmemorial (anos 50/60), engadindo que temos dereito a ese aproveitamento polo prazo de 75 anos, ata o 2060 (En aplicación da Disp.Tr. 1ª do RDL 1/2001).**

Partindo dos antecedentes e consideracións anteriores, en aplicación do disposto no art. 85.7, apartado a, b e c da Lei 2/2016 do Solo de Galicia (LSG), e concordantes, por unanimidade, se **ACORDA**:

**Primeiro. Aprobación definitiva.** Interesar a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio que aprobe definitivamente o PXOM de SILLEDADA de acordo co Art. 85.7.a da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, baseando esta solicitude en que xa esta completado o expediente, debidamente acreditado documentalmente, máxime logo de 19 meses de trámites posteriores a aprobación provisional, sendo carente de suficiente rigor xurídico argüír o caso das sentenzas nº 2577/2016 e 278/2017 do T.S., en canto non son homoxéneas, senón dispares e diverxentes os casos de Monterrei/Verín e Silleda.

**Segundo. Aprobación parcial.** Subsidiariamente, SOLICITAR que a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio aprobe parcialmente o PXOM de SILLEDADA de acordo co Art. 85.7.a, en canto sostén tal artigo que “ *a aprobación poderá ser parcial cando as deficiencias só afecten a determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o Planeamento se pode aplicar con coherencia*”. Esa parte obxecto de reparos quedará en suspenso ata que o Concello subsane as deficiencias e remita o documento esixido, neste caso a legalización da captación/concesión de augas de Bandeira-Silleda. Nese senso se pode aplicar o PXOM, sen dúbida algunha, en canto o Concello procedería a legalización reiterada desa captación, seguidamente.

**Terceiro. Denegación por escrito.** En caso negativo, dos dous supostos anteriores, de considerar a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio que “*o Plan en tramitación se estime inviable porque as deficiencias constatadas non sexan susceptibles de enmenda*” – expresión textual do Art. 85.7.c-, neste caso por non estar demostrada, presuntamente, a “*suficiencia de*

recursos hídricos”, que se proceda a denegar a aprobación definitiva, con resolución por escrito, aos efectos de que o Concello interpoña recurso contencioso administrativo contra esa decisión –incomprensible no contexto relatado, por outra parte-.

## **ANEXO**

**“ASUNTO: remisión documentación, logo da aprobación provisional do PXOM e protesta.**

### **1.- Antecedentes:**

*En data 11-04-2016 presentouse no Rexistro Central da XUNTA o PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL (PXOM) do Concello de SILLEDA, xunto coa acta de aprobación plenaria provisional do mesmo, solicitando a aprobación definitiva por parte da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.*

*En data 26-04-2016 –rexistro saída da XUNTA- se interesou unha serie de documentación para completar o expediente. En contestación a mesma se achegaron os documentos seguintes:*

- *Oficio remisión e informe de Intervención. Aprobación inicial.*
- *Oficio remisión e informe de Secretaría.*
- *Oficio remisión e informe de Urbanismo.*
- *Oficio remisión e certificación aprobación inicial a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.*
- *Oficio remisión e certificación aprobación inicial a Administración do Estado, Delegación de Economía.*
- *Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio*
- *Informe xurídico de Secretaría con motivo da aprobación provisional en pleno do 18 de Marzo de 2016*
- *2 DVD co contido do o PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL (PXOM) do Concello de SILLEDA elaborado por EPTISA en formato editable, con dilixencia de Secretaría.*
- *2 DVD co contido do o PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL (PXOM) do Concello de SILLEDA elaborado por EPTISA en formato non editable con dilixencia de Secretaría.*

### **2.- Dúas solicitudes de documentación.**

*En data 16 Setembro –rexistro saída de 14-09- nos volveron a requirir documentación –a que nos remitimos para evitar maiores repeticións-, ata un total de 17 documentos a cumprimentar/subsanar..., e que se subsanaron.*

### **3.- Última solicitude de documentación.**

*Que despois de 1 ano, en data 7 de Xuño, se nos requira máis documentación xa non é admisible, entre ela, e só a modo de exemplo, a seguinte:*

- *O “inicio, consultas, proposta memoria ambiental, informe...”, cando a Avaliación Ambiental Estratéxica foi informada favorablemente, así como a Memoria Ambiental (15 Marzo 2016).*
- *A aprobación inicial do PXOM cando xa foi remitido e lles consta.*
- *Os “informes que non constan” de Patrimonio e outros, xa se aclarou que non contestaron en prazo, e está acreditado no expediente ese silencio. Tiñan 3 meses e non responderon, logo, cunha aplicación legal indubidable, o silencio é positivo. E iso xa está sobradamente demostrado.*
- *Finalmente, sirva como botón de mostra, moi ilustrativo, que nos piden a xustificación de AUGAS de GALICIA sobre que “...hai redes veciñais sen regularizar...” ¿E a súa titularidade? Si é así, que se encargue AUGAS, non o Concello, máxime cando dispoñemos dun informe favorable de 10/10/2013. É incomprensible. Esa “xustificación da titularidade xurídica”, por outra parte, nos levaría a un proceso de requirir a uns 100 núcleos de poboación que aportaran a documentación da que dispoñen sobre a mesma. NON, no se pode facer tal esixencia 3 anos despois e logo de outro ano dende a aprobación provisional.*

*Y etc., etc.,... É inintelixible.*

**4.- PROTESTA.**

Polo exposto elevamos a nosa firme protesta por esta inadmisíbel situación. Este goberno local xa se plánteas dúas opcións: abandonar o PXOM ou ir os Tribunais incluso.

Polo exposto,

**Reclamamos** que pola Consellería se proceda a una solución rápida de esta problemática coa aprobación do PXOM con carácter de urxencia.

Silleda a 29 de Xuño 2017. O ALCALDE Manuel Cuiña Fernández. Klaus Brey Montaña, por delegación..”

**3º.- EXPEDIENTE 682/2017. CONCESIÓN DE AXUDAS EN CONCEPTO DE BOLSAS PARA O TRANSPORTE UNIVERSITARIO DE ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS PARA O CURSO 2016-17.**

Vista a proposta da concelleira de Bemestar Social, Igualdade, Educación, Xuventude, Sanidade e Normalización Lingüística, Mª Pilar Peón Iglesias, de data 06 de novembro de 2017 que literalmente dí:

“Eu, Pili Peón como concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación, Igualdade, Xuventude, Sanidade e Normalización Lingüística do Concello de Silleda,

EXPOÑO QUE:

Visto, que con data 24 de agosto de 2017 se aproban as BASES POLAS QUE SE REGULA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE UNIVERSITARIO E ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS PARA O CURSO 2017-18.

Visto, que hai 72 solicitantes que acadan os requisitos establecidos nas bases.

Visto que hai solicitantes que sen acadar todos os requisitos establecidos nas bases estimase a concesión destas axudas para satisfacer demandas de primeira necesidade, de acordo co informe social.

Visto que hai 2 solicitantes que non reúnen ningún dos requisitos establecidos nas bases.

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo: conceder ás familias que reúnen os requisitos e as que así o establece o informe social, o pago das axudas correspondentes que se relacionan a continuación

ATA 1000€/ BOLSA 450€		
nº rex.	NOME	APELIDOS
3908	ANTIA	IGLESIAS LÓPEZ
3909	ALBA	IGLESIAS LÓPEZ
4036	REMEDIOS	GONZÁLEZ MEIRE
4101	MARTA	RIVAS GESTAL
4102	CRISTINA	RIVAS GESTAL
4114	PEDRO	SEGADE PENELA
4019	MARTINA	DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ
4077	SARAH	QUINTEIRO ACEVEDO
4136	CRISTINA	GONZALEZ AYUDE

4137	ALESANDRA ISABEL	BAZÁN CASANOVA
4252	ANAN	ARES GONZÁLEZ
3983	ANA	COLMEIRO CORRAL
4100	ANA	RIVAS GESTAL
4121	SOFIA	JORGE LIÑARES
4132	JULIA	JORGE LIÑARES
3904	CRISTINA	COLLAZO GÓMEZ
4195	ANDRES	SEOANE PENA
3934	ANA MARÍA	REY VÁZQUEZ
3952	SONIA	TROITIÑO LOUREIRO
3982	CRISTIAN	ARES ROZAS
4268	ADRIÁN	VILLAR GARCÍA
4259	LETICIA	COUTO NÚÑEZ

DE 1001 A 2000€ / BOLSA DE 346

4071	LUÍS	VILLANUEVA ANSEDES
3947	LUCÍA	GARCÍA RODRÍGUEZ
3961	DIEGO	GARCÍA MATO
4009	MATEO	GIL RODRÍGUEZ
4267	NOA	MADRIÑÁN MARTÍNEZ
4214	MINERVA	MALHO GONZÁLEZ
4222	ANA	CUÍÑA IGLESIAS

DE 2001 A 3000€ / BOLSA DE 200€

4052	YASMÍN	FERREIRO LANDÍN
4081	SALVADOR	CERDEIRA COUCEIRO
4127	DIEGO	FRADE AMIL
4044	LAURA	PRESAS MATO
3963	ALBA	GARCÍA GÓMEZ
4158	BRAIS	FRADE COSTA
4155	JAIME	OTERO RAMOS
4022	EVA	BLANCO CUIÑA

DE 3001 A 5000€ / BOLSA DE 175€

3901	ALBERTO	GARCÍA FERNÁNDEZ
3902	PATRICIA	LÁZARA FRAMIÑÁN
4039	LUCRECIA	BALAGE BLANCO
4138	CARLOTA	REY CASAL
4080	ÁLVARO	VILLAR FERREIRO
4099	RUBÉN	CACHEDA GUZMÁN
3955	BELÉN	ANSEDES CORNADO
3879	SONIA	FRAMIÑÁN GONZÁLEZ
3932	MARIÑA	CASTRO FONTAO
4150	YOHANA	PAZOS PIEDRA
3989	FÁTIMA	CONDE ESPÍÑO
4265	MIRIAN	DIÉGUEZ LÓPEZ



4160	DAVID	NÚÑEZ OUZANDE
4185	ALEJANDRO	VALLADARES CASTRO
<b>DE 5001 A 10000/BOLSA DE 125€</b>		
3883	OSCAR	COSTA NOGUEIRA
3898	LUCÍA	GONZÁLEZ SOUTO
3922	SOFIA MICAELA	LAMAS BRUZZESE
4061	SARA	VILLAR AIRA
4068	ROMÁN	ESTÉVEZ TALLÓN
4069	EVA	FARES BORRAJO
4134	VERÓNICA	RIOS ALCAIDE
4139	MANUEL	FERNÁNDEZ CUIÑA
4140	Mª ROCÍO	FERNÁNDEZ CUIÑA
4212	FLAVIA	GONÇALVES PAYNO
3905	TANIA	FILLOY RÍOS
4024	ANA	MATO MIGUÉLEZ
4025	MARTA	MATO MIGUÉLEZ
3916	LARA	FONDEVILA CALVO
4171	MONTSERRAT	CONDE TABOADA
4210	JULIÁN	GÓMEZ VILLAMAYOR
4196	ANTÍA	PEREIRAS VILLAMAYOR
4217	MARÍA	LAMAZARES TABOADA
4274	ALBERTO	PEREIRAS PENA
4256	DIEGO	SUÁREZ PEÓN
4223	CARLOS	MATO RODRIGUEZ

*Pili Peón  
Concelleira de Educación  
Silleda, 6 de novembro de 2017 "*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

- Aprobar a concesión de bolsas para transporte universitario segundo listado que consta no expediente.

#### **4º.- SERVICIOS SOCIAIS.**

##### **4.1.- Expediente 1313/17. M.R.L. Acordo de Emerxencia Social.**

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Mª Celia González Peteiro, de data 24 de outubro de 2017.

Visto o informe de Intervención, de data 14 de novembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **M.R.L.** , DNI/-----, polos seguintes importes:

Importe: 15,00 €/mes = 135,00 €

## **5º.- DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**

### **5.1.- Expediente 1457/17. Cosntruccionos Fernández Sarmiento S.A.**

Visto o escrito presentado por **CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A.**, Rexistro de Entrada nº 4264 de data 15 de setembro de 2017, solicitado devolución de aval correspondente a obra "ADECUACIÓN E REHABILITACIÓN DA RÚA POSTERIOR Á IGREXA PARROQUIAL DE SILLEDA", por importe de **2.540,18 €** de data 06 de xullo de 2015, ingresado en metálico na conta que este concello ten aberta na entidade Banco Santander.

VISTA a Acta de recepción final da obra, de data 14 de setembro de 2015.

**VISTO** que por parte do Concello non existe reparo algún para devolución solicitada, logo da revisión e informe do Arquitecto director das obras, Abraham Castro Neira, de data 14 de setembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

- Proceder a devolución do AVAL de **CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A.**, correspondente a obra de "ADECUACIÓN E REHABILITACIÓN DA RÚA POSTERIOR Á IGREXA PARROQUIAL DE SILLEDA", por importe de **2.540,18 €**, ingresado en metálico na conta que este concello ten aberta na entidade Banco Santander, en data 06 de xullo de 2015, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

## **6º.- URBANISMO.**

### **6.1.- Expte. 1355/17. Licenza de Segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto. MARÍA LUISA LÓPEZ VAAMONDE.**

Vista a solicitude de licenza de segregación e agrupación, presentada por MARÍA LUISA LÓPEZ VAAMONDE, Rexistro de Entrada nº 2855 de data 20 de xuño de 2017, para segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto, no lugar de San Fiz, parroquia de Margaride (Silleda).

Visto o informe emitido o 14 de novembro de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante	López Vaamonde, María Luisa		
Data de rexistro	0.XUÑ.2017	Nº 2855	Data escrito 14.NOV.2017
Solicitude	Segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto		
Tipo de Solicitude	Obra Maior		

Emprazamento Lugar de San Fiz, Margaride  
Referencia catastral 36052H512008180000ZE e 36052H512108180001XH  
Autor do Proxecto Moreira García, Ramón; enxeñeiro técnico agrícola col. 1.666  
Proxecto Básico. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 27/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 5 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 6 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 7 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 8 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 9 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 10 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 11 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 12 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 14 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia
- 15 R.D. 2187/1978, de 23 de xunio de 1978. Reglamente de disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 16 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 17 Planeamento do Concello de Silleda
  - 17.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 17.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 17.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 17.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 17.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 17.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 17.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 17.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
  - 17.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 17.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
  - 17.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
  - 17.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
  - 17.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 18 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósanse para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por López Vaamonde, María Luisa, presentada con R.E. 2855 de 20.XUÑ.2017. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Moreira García, Ramón; enxeñeiro técnico agrícola col. 1.666 e xustificante de pago de taxas municipais.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 17.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
3. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 17.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria e parcialmente como solo rústico de protección de infraestruturas**.

5. Consonte á normativa vixente, o artigo 149.1 da Lei do Solo prohibe a segregación de predios con carácter xeral. Establece, porén, a excepción seguinte "Non obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinarmente existente". O planeamento vixente, segundo a disposición transitoria primeira clasifica este solo como rústico de protección ordinaria, como xa se dixo, e polo tanto sería viable; sen prexuízo de que o aprobado provisionalmente o clasifica como protección agropecuaria. En todo caso, como se indicou no punto 2 dos antecedentes deste informe, unha vez rematada a suspensión de licenzas, enténdese que o planeamento en vigor é o PXOM de 1981, polo que se considera viable esta agrupación- segregación.

6. A parcela matriz "1" (818), non edificada, cunha superficie de 8.415 m<sup>2</sup> perde 2.550 m<sup>2</sup>, polo que pasa a ter 5.865 m<sup>2</sup> despois da agrupación-segregación. Canto á parcela matriz "2" (10818), de 3.315 m<sup>2</sup>, que está edificada, pasa a ter un tamaño superior froito desta agrupación-segregación, pasando a ter 5.865 m<sup>2</sup>.

7. As parcelas obxecto de agrupación- segregación atópanse dentro do ámbito da Concentración parcelaria de Negreiros-Margaride, polígono 12, parcela 818 dos planos do acordo, que se insiren neste informe. Deberase estar ao disposto na Lei 12/2001, de 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia, no relativo a segregacións. Artigo 52:

"Non será válida a división ou segregación de terreos de substitución, **salvo nos seguintes casos**:

- a) Cando se trate de disposicións en favor de propietarios de terreos lindantes, sempre que, como consecuencia da división ou segregación, tanto o terreo que se divide ou segrega coma a lindante non resulten de extensión inferior á unidade mínima de cultivo a que se refire o artigo 3.1.b).
- b) Se é consecuencia do exercicio do dereito de acceso á propiedade establecido na lexislación especial de arrendamentos rústicos.
- c) Se se produce por causa de expropiación forzosa."

7.1 Neste sentido, o artigo 3.1. b establece o seguinte:

1. O decreto de concentración parcelaria determina non só a utilidade pública, senón tamén a función social da propiedade coa necesidade de que as terras cultivables non queden abandonadas, polo que o titular dun dereito de propiedade rústica de carácter agrario está obrigado a:

a) (...)

b) **Manter indivisibles as parcelas de extensión inferior ó dobre da indicada como mínima no acordo, coas excepcións sinaladas no artigo 52.**

Para este efecto, a dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de agricultura, ó aproba-lo acordo, ditará, oída a xunta local de zona, resolución motivada, na que sinalará a **unidade mínima de cultivo para a zona**, que será a suficiente para que os labores fundamentais do seu cultivo, utilizando os medios normais e técnicos de produción, poidan levarse a cabo cun rendemento satisfactorio, tendo en conta as características socioeconómicas da agricultura na comarca ou zona, e que en ningún caso será inferior ás unidades mínimas de cultivo establecidas pola Comunidade Autónoma en virtude do establecido no artigo 23 da Lei estatal, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

8. Canto á superficie mínima de cultivo, o Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, establece, para o Concello de Silleda, 0,30 hA a sequeiro e 0,20 hA para regadío.

9. Á vista da documentación aportada, ámbalas dúas parcelas resultantes dan cumprimento coa superficie mínima de cultivo para este ámbito (Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, ao que remite o artigo 149 Lei do Solo). As superficies das parcelas matrices e resultantes son as seguintes:

PARCELAS MATRICES			PARCELAS RESULTANTES			
Superficie inicial		Parcela instrumental	Superficie + parcela instrumental		Superficie resultante	
1	8.415 m <sup>2</sup>		1-1'	5.865 m <sup>2</sup>	A	5.865 m <sup>2</sup>
2	3.315 m <sup>2</sup>	1 2.550 m <sup>2</sup>	2+1'	5.865 m <sup>2</sup>	B	5.865 m <sup>2</sup>
<b>Total</b>	<b>11.730 m<sup>2</sup></b>			<b>11.730 m<sup>2</sup></b>		<b>11.730 m<sup>2</sup></b>

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, o planeamento de 1981, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de segregación e agrupación de parcelas, entendéndose que se da cumprimento ao establecido no artigo 149 da LSG e 367 do Decreto 143/2106 que o desenvolve.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a MARÍA LUISA LÓPEZ VAAMONDE para segregación e agrupación de parcelas en unidade de acto, no lugar de San Fiz, parroquia de Margaride, parcelas con referencia catastral 36052H512008180000ZE e 36052H512108180001XH, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito.

**Segundo.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

## **6.2.- Expte. 1206/17. Licenza de Obra Maior. Consolidación estrutural e colocación de carpinterías de edificación existente. MARCOS FUENTES VIDAL.**

Vista a solicitude de licenza de obra maior, presentada por MARCOS FUENTES VIDAL, Rexistro de Entrada nº 4731 de data 20 de outubro de 2017, para Consolidación estrutural e colocación de carpinterías de edificación existente, no lugar de Cumbraos, s/n, parroquia de Escuadro (Silleda).

Visto o informe emitido o 15 de novembro de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante Marcos Fuentes Vidal  
 Data de rexistro 20.OCT.2017 Nº 4731 Expediente 1206/2017  
 Solicitude Consolidación estrutural e colocación de carpinterías de edificación existente

Tipo de Solicitud *Obra Maior* Superficie construída: 294,16 m<sup>2</sup>  
Emprazamento *Lugar de Cumbraos, s/n, Escuadro, Silleda.*  
Referencia catastral *36052E506004370000HD* Superficie Catastro: 7.660 m<sup>2</sup>  
Autor do Proxecto *Pereiras Corzón, Martín; colexiado nº 4236*  
Proxecto Básico e de execución. *Visado polo Colexio Oficial 18.OCT.2018*  
Dirección de Obra *Pereiras Corzón, Martín; colexiado nº 4236*  
Oficio de Dirección *Sen visar (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio) Data Visado Oficio Dirección*  
Dirección de Execución *Dirección de Execución*  
Oficio Direc. Execución *Sen visar (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio) Data Visado Oficio Dirección Execución*  
Exposición pública *BOP DOGA Prensa*  
Orzamento (P.E.M.) *61.130,70 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 75.716,78 €*

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamente de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 11 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- 12 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
  - 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
  - 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
  - 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
  - 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
  - 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emitese informe técnico sobre o expediente 1206/2017, de solicitude de licenza asinada por Marcos Fuentes Vidal, presentada con R.E. 4731 de 20.OCT.2017. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Pereiras Corzón, Martín; colexiado nº 4236 e xustificante de pago de taxas municipais.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado,

enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Consolidación estrutural e colocación de carpinterías de edificación existente, está clasificado como solo de núcleo rural histórico- tradicional.

5. A rehabilitación de vivendas anteriores a 1975 está permitida por licenza municipal directa no artigo 40 da Lei do Solo de Galicia e no 63 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

6. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
<p>Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:</p>	
<p>a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.</p>	SI
<p>b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.</p>	SI
<p>c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:</p>	
<p>– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.</p>	SI
<p>– O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.</p>	SI
<p>– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e</p>	SI

deberán adaptarse ao medio no que se localicen.	
<p>– A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.</p> <p>Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.</p>	SI
<p>d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).</li> <li>– A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.</li> <li>– A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.</li> </ul> <p>Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.</li> <li>– Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.</li> <li>– As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.</li> <li>– Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.</li> </ul>	SI
<p>f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.</p>	SI
Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	CUMPRE
As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:	
<p>a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.</p>	Si
<p>b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten</p>	Si



ou impidan a contemplación do conxunto.	
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	Si
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	Si
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	Si
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede

**Artigo 92. Protección das vías de circulación.**

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).	N/d
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	Si

**7. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.**

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LEI SOLO	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela	7.660	2000	3000	Si
Altura de cornixa	5,30 m	7,00 m	7,00	Si
Ocupación máxima	3,92 %	20 %	20 %	Si
Superficie ocupada en planta	Consolidado			Si
Número máximo de plantas	B+1	B+1	B+1	Si
Recuamento a lindeiros	Consolidado	5 m	5 m	Si
Separación a vía pública	Consolidado	4 m	4 m	Si
Acceso rodado	Si	Si	Si	Si

8. O proxecto presentado ao ser unha consolidación de estrutura de cuberta non se xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia.

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. O proxecto presentado non xustifica o cumprimento ao establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as **normas de habitabilidade de vivendas de Galicia** por ser unha consolidación da estrutura da cuberta e non ter reforma interior da vivenda.

11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inexacto o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m<sup>2</sup>, para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

**Cálculo de presuposto de execución material**

nº	Sup.	€/m <sup>2</sup>	Tipo de obra	C <sub>1</sub>	Tipo de uso	C <sub>u</sub>	C <sub>g</sub>
----	------	------------------	--------------	----------------	-------------	----------------	----------------

Soto			Tipo edificatorio		Usos da edificación	1,1	0,9	
Planta Baixa	1	294,16	520	Reforma de elementos estruturais	0,5			75.716,78 €
<b>TOTAL</b>		<b>294,16 m<sup>2</sup></b>					<b>PEM</b>	<b>75.716,78 €</b>

#### Taxas

ICIO	2,25 % de	75.716,78 €	1.703,63 €
Informe técnico			60,00 €
		Taxa	1.763,63 €

12. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

13. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Consolidación estrutural e colocación de carpinterías de edificación existente solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, coa advertencia expresa de que a licenza concedida abrangue exclusivamente a construción dunha cuberta e colocación de carpinterías, e que para a rehabilitación exterior ou interior será preciso a tramitación dunha nova licenza para a que deberá aportarse un novo proxecto redactado por arquitecta/o.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a MARCOS FUENTES VIDAL para Consolidación estrutural e colocación de carpinterías de edificación existente, no lugar de Cumbras, s/n, parroquia de Escuadro (Silleda), parcela con referencia catastral 36052E506004370000HD, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada

Advirtéselle de que a licenza concedida abrangue exclusivamente a construción dunha cuberta e colocación de carpinterías, e que para a rehabilitación exterior ou interior será preciso a tramitación dunha nova licenza para a que deberá aportarse un novo proxecto redactado por arquitecta/o.

**Segundo.-** Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	60,00	0,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
75.716,78	75.716,78	2,25 %	1.703,63	1.375,44	328,19

**Terceiro.-** Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

**Cuarto.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

**7º.- EXPEDIENTE 1002/2017. ANTICIPO SUBVENCIONS DEPORTIVAS ANO 2017.**

Dase conta da proposta da Concelleira de Persoal, Cultura, Turismo, Emprego e Deportes, que transcríbese a continuación:

*“Con data 5 de outubro de 2017, a xunta de Goberno do Concello de Silleda concedeu as seguintes subvencións.*

<i>Club</i>	<i>Puntos</i>	<i>Importe €</i>
<i>Escola de fútbol de Silleda</i>	<i>xxxx</i>	<i>10.000,00</i>
<i>S. D. Silleda</i>	<i>39</i>	<i>3.853,75</i>
<i>S.D. Bandeira</i>	<i>38</i>	<i>3.754,94</i>
<i>C.F. Lamela</i>	<i>34</i>	<i>3.359,68</i>
<i>C.F. Laro</i>	<i>33</i>	<i>3.260,87</i>
<i>Soc. D. Caza e Pesca</i>	<i>31</i>	<i>3.000,00</i>
<i>BTT Trasdeza</i>	<i>21</i>	<i>2.075,10</i>
<i>Clube Petanca Bandeira</i>	<i>19</i>	<i>1.877,47</i>
<i>Club Padel Deza</i>	<i>13</i>	<i>1.284,58</i>
<i>C. Pesca Deportiva Río Deza</i>	<i>7</i>	<i>691,69</i>
<i>C. Castillo Deza</i>	<i>7</i>	<i>600,00</i>
<i>Asoc Dep Exilieta</i>	<i>6</i>	<i>592,88</i>
<i>C. Tiro Arco Toxarco</i>	<i>5</i>	<i>494,07</i>
	<b>TOTAL</b>	<b>34.845,03</b>

*Con data 14 de novembro se solicita dende a Escola de Fútbol de Silleda un anticipo do 50% da subvención en base a a falta de liquidez do clube para facer fronte ao aboamento das correspondentes facturas.*

*Vistas as bases e a saolicitude, así como a acreditación de estar ao corrente das orbigas tributarias e coa seguridades social.*

**Proponse:**

*A concesión dun anticipo por importe do 50% da subvención de 10.000 euros concedida, por un total de 5.000 euros.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA prestar aprobación a proposta transcrita anteriormente

---

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 22 de Novembro de 2017

Vº e Prace  
O ALCALDE,  
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO  
Asdo. Manuel Quintáns Queiruga